

**Disposición derradeira segunda. *Supletoriedade.***

No non previsto neste real decreto aplicárase, con carácter supletorio, o Real decreto 682/2003, do 7 de xuño, polo que se regula o sistema de tramitación telemática a que se refire o artigo 134 e a disposición adicional oitava da Lei 2/1995, do 23 de marzo, de sociedades de responsabilidade limitada.

**Disposición derradeira terceira. *Título competencial.***

Este real decreto dítase ao abeiro da competencia que sobre lexislación mercantil lle atribúe ao Estado o artigo 149.1.6.<sup>a</sup> da Constitución.

**Disposición derradeira cuarta. *Habilitación para o desenvolvemento regulamentario.***

Os ministros de Xustiza e de Industria, Turismo e Comercio ditarán, no ámbito das súas competencias, cantas disposicións resulten necesarias para a aplicación do disposto neste real decreto, e en especial para determinar as condicións que debe reunir o documento único electrónico (DUE) co fin de que sexa interoperable entre as administracións públicas.

**Disposición derradeira quinta. *Entrada en vigor.***

Este real decreto entrará en vigor aos tres meses da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 21 de novembro de 2006.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno  
e ministra da Presidencia,

MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ

**20847** *REAL DECRETO 1333/2006, do 21 de novembro, polo que se regula o destino dos espécimes comisados das especies ameazadas de fauna e flora silvestres protexidas mediante o control do seu comercio. («BOE» 286, do 30-11-2006.)*

O Convenio sobre o Comercio Internacional de Especies Ameazadas de Fauna e Flora Silvestres (en diante, Convenio CITES) asinado en Washington o 3 de marzo de 1973 e ao cal España se adheriu por Instrumento do 16 de maio de 1986 co fin de salvagardar o cumprimento das súas disposicións e sancionar a súa violación, autoriza os Estados que o subscribiron a prohibir o comercio de espécimes CITES, sancionar o comercio e a súa posesión, así como permite a confiscación ou devolución ao Estado de exportación dos devanditos espécimes.

A disposición, por parte das autoridades competentes, dos espécimes comercializados de forma ilícita, confiscados ou comisados, deberase levar a cabo segundo as recomendacións contidas na Resolución 9.10 sobre «Disposición de espécimes comercializados de forma ilícita, confiscados ou acumulados» adoptada na Novena Reunión da Conferencia das Partes, que tivo lugar en Fort Lauderdale (Estados Unidos de América) do 7 ao 18 de novembro de 1994 e na Resolución 10.7 «Disposición de espécimes vivos confiscados de especies incluídas nos apéndice» da Décima Reunión da Conferencia das Partes que tivo lugar en Harare (Zimbabwe) do 9 ao 20 de xuño de 1997, respectivamente.

En particular, a Resolución da Conferencia das Partes 10.7 declara que a decisión que se adopte sobre animais

vivos confiscados se orientará á consecución dos seguintes obxectivos: 1) potenciar ao máximo a contribución á conservación dos espécimes sen risco para a súa saúde, 2) desalentar o comercio ilícito ou irregular da especie, 3) atopar solucións axeitadas, xa sexa manténdoo en catividade, reintegrándoo no medio silvestre ou sacrificándoo mediante eutanasia.

Conforme o artigo VIII, punto 4, do Convenio CITES, cando se confisque un espécime vivo, este seralle confiado a unha autoridade administrativa do Estado confiscador, a cal, despois de consultar co Estado de exportación, lle devolverá o espécime a ese Estado á custa do mesmo, ou a un centro de rescate ou outro lugar que a mesma autoridade considere apropiado e compatible cos obxectivos da Convención. A autoridade administrativa poderá solicitar o asesoramento dunha autoridade científica ou consultar coa Secretaría CITES co fin de adoptar a decisión oportuna.

De acordo co previsto no artigo IX do Convenio CITES e o artigo 13 do Regulamento (CE) n.º 338/1997, do Consello, do 9 de decembro de 1996, relativo á protección de especies da fauna e flora silvestres mediante o control do seu comercio [en diante, Regulamento (CE) n.º 338/97, do Consello, do 9 de decembro de 1996,], a Secretaría Xeral de Comercio Exterior, integrada no Ministerio de Industria, Turismo e Comercio e o Departamento de Alfándegas e Impostos Especiais da Axencia Estatal de Administración Tributaria, foron designados Autoridade Administrativa CITES.

Así mesmo, a Secretaría Xeral de Comercio Exterior, en virtude do disposto no Real decreto 1739/1997, do 20 de novembro, sobre medidas de aplicación do Convenio sobre o comercio internacional de especies ameazadas de fauna e flora silvestres (CITES), feito en Washington o 3 de marzo de 1973, e do Regulamento (CE) n.º 338/97 do Consello, do 9 de decembro de 1996, relativo á protección de especies da fauna e flora silvestres mediante o control do seu comercio (en diante Real decreto 1739/1997, do 20 de novembro) ten o carácter de órgano de xestión principal na aplicación do dito regulamento e na comunicación coa Comisión Europea. O Departamento de Alfándegas e Impostos Especiais ten o carácter de órgano de xestión adicional.

No citado real decreto designase autoridade científica a Dirección Xeral de Conservación da Natureza, na actualidade, Dirección Xeral para a Biodiversidade do Ministerio de Medio Ambiente.

Por outro lado, de acordo coa Lei orgánica 12/1995, do 12 de decembro, de represión do contrabando, toda pena ou sanción imposta por un delito ou infracción administrativa de contrabando levará consigo o comiso dos bens obxecto do delito ou infracción e, no caso de que estes bens fosen definitivamente comisados por sentenza, adxudicaránselle ao Estado (artigo 5.3).

Para tal efecto, o Real decreto 1649/1998, do 24 de xullo, polo que se desenvolve o título II da Lei orgánica 12/1995, do 12 de decembro, de represión do contrabando, relativo ás infraccións administrativas de contrabando (en diante Real decreto 1649/1998, do 24 de xullo) establece que os espécimes CITES comisados seranlle confiados á autoridade competente designada en España, que procederá segundo o previsto no Regulamento (CE) n.º 338/1997. O comiso destes espécimes e das súas partes ou produtos notificaráselle ao Departamento de Alfándegas e Impostos Especiais da Axencia Estatal de Administración Tributaria.

En atención a todo o exposto, considerando que é necesario desenvolver as previsións sobre o comiso de espécimes CITES en canto ao seu destino establecidas no Regulamento (CE) n.º 338/1997, do Consello, do 9 de decembro de 1996, de acordo co disposto nos reais decretos 1739/1997, do 20 de novembro, e 1649/1998, do 24 de xullo, por proposta dos ministros de Industria, Turismo e

Comercio, de Economía e Facenda, e de Medio Ambiente, logo de aprobación do ministro de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros, na súa reunión do día 17 de novembro de 2006.

## DISPÓÑO :

### Artigo 1. *Obxecto.*

1. Este real decreto ten como obxecto adoptar medidas de aplicación do Regulamento (CE) n.º 338/1997, do Consello, do 9 de decembro de 1996, complementarias ao establecido no Real decreto 1649/1998, do 24 de xullo. Para tal efecto regula o destino, en caso de comiso, dos espécimes de fauna e flora silvestres e as súas partes e produtos de especies incluídas nos apéndices I, II e III do Convenio CITES ou nos anexos A a D do Regulamento (CE) n.º 338/1997, do Consello, do 9 de decembro de 1996, que fosen comisados polo Estado en caso de delito ou infracción administrativa de contrabando.

2. As previsións deste real decreto aplicaranse sen prexuízo das normas ditadas polas comunidades autónomas no exercicio das súas competencias sobre ambiente e en desenvolvemento da Lei 4/1989, do 27 de marzo, de conservación dos espazos naturais e da fauna e flora silvestres.

### Artigo 2. *Definicións.*

Para os efectos deste real decreto entenderase por:

a) **Especíme CITES:** todo animal ou planta, vivo ou morto, das especies contidas nos apéndices do Convenio CITES ou nos anexos do Regulamento (CE) n.º 338/97, do Consello, do 9 de decembro de 1996, así como calquera parte ou derivado destes.

b) **Centro de rescate de espécimes CITES:** lugar, centro ou institución pública ou privada designada pola autoridade administrativa CITES e órgano de xestión principal para o aloxamento, coidado e benestar dos espécimes vivos, especialmente daqueles que fosen comisados por contravir o disposto no Regulamento (CE) n.º 338/1997, do Consello, do 9 de decembro de 1996 ou no Convenio CITES.

c) **Autoridade administrativa CITES e órgano de xestión principal:** a Secretaría Xeral de Comercio Exterior do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, designada de conformidade coa alínea a) do punto 1 do artigo 13 do Regulamento (CE) n.º 338/1997, do Consello, do 9 de decembro de 1996 e co artigo IX do Convenio CITES (en diante a Secretaría Xeral de Comercio Exterior).

d) **Autoridade administrativa CITES e órgano de xestión adicional:** o Departamento de Alfándegas e Impostos Especiais da Axencia Estatal de Administración Tributaria pertencente ao Ministerio de Economía e Facenda, designada de conformidade coa alínea b) do punto 1 do artigo 13 do Regulamento (CE) n.º 338/1997, do Consello, do 9 de decembro de 1996, e co artigo IX do Convenio CITES (en diante a Alfándega).

e) **Autoridade científica CITES:** a Dirección Xeral para a Biodiversidade do Ministerio de Medio Ambiente, designada de conformidade co punto 2 do artigo 13 do Regulamento (CE) n.º 338/1997, do Consello, do 9 de decembro de 1996, e artigo IX do Convenio CITES (en diante Autoridade Científica CITES).

### Artigo 3. *Competencias administrativas relativas á facultade de disposición de espécimes CITES en centros de rescate.*

1. Correspóndelle á Secretaría Xeral de Comercio Exterior de xeito xeral e após consulta á Autoridade Científica CITES, dispor dos espécimes CITES confiscados nas condicións que xulgue convenientes de acordo cos obxectivos e coas disposicións do Convenio CITES e do Regulamento (CE) n.º 338/1997, do Consello, do 9 de decembro de 1996.

En particular, desenvolverá as seguintes funcións:

a) Determinar, logo de consulta á Autoridade Científica CITES, qué centros de rescate CITES son adecuados para o depósito dos espécimes intervidos de acordo cos obxectivos e as disposicións do Convenio CITES e do Regulamento (CE) n.º 338/1997, do Consello, do 9 de decembro de 1996.

b) Designar o centro onde se situará o espécime comisado unha vez ditada resolución firme en vía administrativa ou xudicial confirmatoria da sanción en materia de contrabando.

c) Xestionar ou procurar a creación de centros de rescate CITES no caso de non existiren ou non seren suficientes ou axeitados os existentes.

d) Autorizar e designar os centros de rescate CITES habilitados para o depósito de espécimes vivos.

As funcións sinaladas poderaas realizar en coordinación co Ministerio de Medio Ambiente en colaboración coas comunidades autónomas

2. Correspóndelle ao Departamento de Alfándegas e Impostos Especiais determinar o centro de rescate CITES de entre os propostos pola Secretaría Xeral de Comercio Exterior, para o aloxamento e o coidado de animais ou plantas vivos CITES que se encontren sometidos á súa vixilancia e control desde o momento da súa introdución e ata que se lles outorgase un destino alfandegueiro, así como os que resulten de aprehensións afectas aos correspondentes procedementos administrativos de contrabando.

### Artigo 4. *Rexistro de espécimes CITES intervidos.*

1. Créase o Rexistro de espécimes CITES intervidos, de natureza administrativa e carácter público, dependente da Secretaría Xeral de Comercio Exterior. O Rexistro incluirá, por un lado, os espécimes intervidos por estaren incursos en infracción administrativa ou delito de contrabando e, por outro lado, relacionará os espécimes CITES comisados por sentenza xudicial firme ou por resolución de expediente administrativo por infracción administrativa de contrabando.

2. Os devanditos espécimes serán identificados e taxados pericialmente, por instancia da Secretaría Xeral de Comercio Exterior. A súa valoración efectuarase de conformidade co previsto no artigo 10 da Lei orgánica 12/1995, do 12 de decembro, de represión do contrabando.

### Artigo 5. *Depósito de espécimes CITES en caso de aprehensión.*

1. Intervido un espécime cuxo comercio ou tenza se encontren suxeitos ao Convenio CITES ou ao Regulamento (CE) n.º 338/1997, do Consello, do 9 de decembro de 1996, depositarase nun centro de rescate ou establecemento habilitado para a súa custodia, salvo que unha autoridade administrativa CITES decida deixalo excepcionalmente e de maneira provisional en poder do presunto infractor.

2. O depósito formalizarase nun documento de natureza pública e valor probatorio que conterá os seguintes extremos:

- a) Lugar e data da entrega.
- b) Datos identificativos do presunto infractor posuidor do espécime.
- c) Identificación precisa do espécime.
- d) Carácter gratuito do depósito.
- e) Obrigas e responsabilidade do depositario.

Ao devandito documento achegaráselle, en todo caso, copia da dilixencia de aprehensión emitida, conforme o artigo 23 do Real decreto 1649/1998, do 24 de xullo, polo Servizo de Protección da Natureza (SEPRONA) da Garda Civil, o Servizo de Vixilancia Alfandegueira (SVA) ou calquera outra autoridade ou organismo competente que efectuase a aprehensión.

3. Se o depósito prolongado de espécimes vivos fixese perigar a súa supervivencia e estes fosen de orixe silvestre, a autoridade a cuxa disposición estea o espécime depositado poderá acordar o seu traslado a un parque zoolóxico, xardín botánico ou centro de recuperación para o seu coidado e conservación.

4. Sen prexuízo do anterior, a Secretaría Xeral de Comercio Exterior emitirá un informe á vista da dilixencia de aprehensión recollida no artigo 23 do Real decreto 1649/1998, do 24 de xullo, e recomendará o lugar máis axeitado para o depósito dos espécimes.

#### Artigo 6. *Devolución a orixe de espécimes CITES vivos.*

1. Cando un espécime vivo dunha especie incluída nos anexos do Regulamento (CE) n.º 338/97, do Consello, do 9 de decembro de 1996, sometido á vixilancia e control das autoridades alfandegueiras para a súa introdución no territorio aduaneiro, resulte que careza do correspondente permiso ou certificado CITES válido, será intervido pola alfândega logo de incoación do correspondente procedemento sancionador, dispoñendo o seu depósito nun centro dos habilitados ao respecto e ata que sexa resolto pola Secretaría Xeral de Comercio Exterior o destino correspondente.

2. Para os efectos do punto anterior, entenderase que se carece do correspondente permiso ou certificado CITES válido ben cando sexa defectuosa, incompleta ou non exista documentación CITES de orixe ben cando se presente documentación CITES válida para a exportación pero non respecto á importación.

3. A alfândega propondrá a devolución a orixe dos espécimes retidos ou intervidos, e corresponderalle á Secretaría Xeral de Comercio Exterior emitir informe verbo da devolución, e isto sen prexuízo das sancións que procedan.

4. En calquera caso, a decisión de devolución ao país de orixe de calquera espécime CITES requirirá informe preceptivo da autoridade científica CITES verbo da natureza e do estado do espécime.

#### Artigo 7. *Medidas preventivas.*

1. Sempre que, iniciado ou instruído o oportuno procedemento administrativo ou proceso xudicial, a autoridade competente apreciase a existencia de indicios racionais de comisión dun delito ou infracción administrativa de contrabando, poderase decretar a intervención preventiva dos exemplares a resultas da resolución definitiva que se dite.

2. No caso de tramitación dun proceso xudicial, o xuíz instructor, ademais e en atención ás circunstancias do feito, así como ás dos seus presuntos responsables, poderá designar ocasionalmente estes como depositarios dos espécimes intervidos.

3. De se tratar de infracción administrativa de contrabando o procedemento dirixido á súa eventual sanción iniciárase de oficio, mediante acordo do órgano competente, e poderase basear na actuación dos órganos da administración alfandegueira e das forzas da Garda Civil competentes nas actuacións de evitar e perseguir o contrabando, así como, de ser o caso, dos organismos autonómicos ou locais competentes en materia ambiental xunto ás forzas e corpos de seguranza propios que, coñecendo dalgún feito que revestise as características constitutivas de infracción de contrabando, efectuasen preventivamente a aprehensión dos exemplares.

4. As medidas de aloxamento e custodia nun centro de rescate, cuxos gastos serán por conta do introdutor do espécime, corresponderalle adoptalas á autoridade alfandegueira ata que se lle outorgue a aquel o regulamentario destino aduaneiro ou sexa obxecto de comiso en virtude de sentenza ou resolución firme administrativa; neste caso deberanse pór á disposición da Secretaría Xeral de Comercio Exterior.

5. En todo caso, a autoridade xudicial ou administrativa que adopte a medida preventiva deberá dar conta, inmediatamente, da súa adopción á Secretaría Xeral de Comercio Exterior para os efectos da súa inscrición no Rexistro de espécimes CITES intervidos previsto neste real decreto.

#### Artigo 8. *Adxudicación ao Estado da propiedade dos espécimes CITES definitivamente comisados.*

1. A propiedade dos espécimes CITES definitivamente comisados por sentenza xudicial ou resolución administrativa firme con imposición de sanción por infracción administrativa de contrabando adxudicáranse lle ao Estado, así como a súa descendencia.

Así mesmo, adxudicáranse lle ao Estado os espécimes incautados ou os que fosen cauteladamente comisados por sobresemento ou arquivo de actuacións porque o importador ou presuntos responsables das infraccións foren descoñecidos ou de ignorado paradiroiro en territorio español; e, en xeral, serán obxecto de adxudicación ao Estado os espécimes respecto dos cales non exista constancia da súa lexítima posesión.

2. Declarada a firmeza dunha sentenza ou resolución xudicial ou ditada resolución administrativa en procedemento por infracción de contrabando onde se decreta o comiso e a adxudicación definitiva ao Estado dun espécime CITES, notificaráselle a dita adxudicación á Secretaría Xeral de Comercio Exterior no prazo de tres días hábiles seguintes.

3. A Secretaría Xeral de Comercio Exterior expedirá no prazo máis breve posible a pertinente acta de recepción. Unha vez subscripta na súa condición de autoridade administrativa competente decidirá, logo de consulta á Autoridade Científica CITES, situalo nas condicións que xulgue convenientes en concordancia cos obxectivos e coas disposicións do Convenio CITES e do Regulamento (CE) n.º 338/1997, do Consello, do 9 de decembro de 1996.

4. No caso de que sexa imposible ou inadecuada a reintrodución do espécime ao medio silvestre, a súa cesión para o seu mantemento en catividade ou a súa doazón para fins de investigación, ou os espécimes padeceren dunha enfermidade incurable, crónica ou infecciosa, poderase aplicar a eutanasia e, de ser o caso, a destrución do espécime vexetal.

#### Artigo 9. *Cesión de espécimes CITES.*

1. Malia a atribución ao Estado da titularidade dominical dos espécimes CITES, as especies incluídas nos anexos B e C do Regulamento (CE) n.º 338/97, do Consello,

do 9 de decembro de 1996, así como a súa descendencia, poderán ser cedidas gratuitamente pola Secretaría Xeral de Comercio Exterior.

2. A cesión poderá ter por obxecto a propiedade do espécime ou só o seu uso, e en ambos os dous casos comportará para o cesionario a obriga de destinar os espécimes ao fin que se acorde.

3. Poderáselles ceder ás comunidades autónomas, entidades locais ou organizacións de carácter non gobernamental ou institucións privadas atendendo ás circunstancias que concorran e sempre que o soliciten expresamente, así como a institucións zoolóxicas, xardíns botánicos, acuarios ou centros de investigación científica ou pedagóxica, de natureza pública ou privada, para o seu uso en actividades de conservación da biodiversidade, museísticas, científicas ou educativas. Neste tipo de actividades, non poderán ser alleados ou cedidos pola súa vez, salvo autorización expresa do doador.

Será requisito inescusable achegarlle á solicitude, de se tratar de entidades ou institucións privadas, certificación acreditativa da autorización de funcionamento polo órgano competente.

4. A cesión levarase a cabo mediante acordo que será suscrito polo ministro de Industria, Turismo e Comercio en caso de cesión ás comunidades autónomas ou entes locais, e polo secretario de Estado de Turismo e Comercio nos demais casos.

5. En caso de que o espécime cedido non for destinado ao fin ou uso previsto ou deixase de selo en calquera momento, se incumpriren as condicións impostas ou, en caso de cesión temporal, chegar o termo fixado, considerarase resolta a cesión e reverterá o espécime á Administración cedente. Nestes supostos será por conta do cesionario a deterioración sufrida polo ben, sen que sexan indemnizables os gastos en que incorrese para o cumprimento das cargas ou condicións impostas.

6. No caso de especies incluídas no anexo A do Regulamento (CE) n.º 338/1997 do Consello, do 9 de decembro de 1996, ou no apéndice I do Convenio CITES, só caberá a cesión en uso dos devanditos espécimes e da súa descendencia, sendo requirida en tal caso logo de informe favorable da Autoridade Científica CITES.

#### Artigo 10. *Alleamento de espécimes CITES.*

1. Os espécimes CITES á disposición da Secretaría Xeral de Comercio Exterior sempre que se trate de especies incluídas nos apéndices II e III do Convenio CITES ou nos anexos B, C ou D do Regulamento (CE) n.º 338/1997, do Consello, do 9 de decembro de 1996, poderán ser alleados mediante poxa pública, logo da súa valoración, ben por orde da autoridade xudicial, se se trata dun delito de contrabando, ou de conformidade co procedemento establecido na normativa reguladora das infraccións administrativas de contrabando.

2. Por razóns excepcionais, debidamente xustificadas, poderase utilizar o procedemento de alleamento directo dos espécimes CITES tendo en conta os elevados gastos de conservación e administración que levan consigo, debendo incluír o contrato de alleamento as condicións e fórmulas de control de carácter administrativo respecto da finalidade e uso que ao espécime lle deba dar o adxudicatario, e que a Administración poida discrecionalmente considerar máis convenientes.

3. Os espécimes obxecto de alleamento non poderán retornar á persoa física ou xurídica á cal se lle requisaron ou que participase na infracción, nin sequera en cesións ou vendas posteriores ao alleamento.

4. Os espécimes alleados consideraranse para todos os efectos como se se adquirisen legalmente. O importe do alleamento, deducidos os gastos ocasionados, ingresarase no Tesouro público.

5. Os espécimes das especies comisadas incluídas no apéndice I do Convenio CITES ou anexo A do Regulamento (CE) n.º 338/1997, do Consello, do 9 de decembro de 1996, non serán alleables e quedarán á disposición da Secretaría Xeral de Comercio Exterior.

Malia o anterior, a Secretaría Xeral de Comercio Exterior valorará en cada caso a conveniencia de alleamento da descendencia dos espécimes a que se refire este punto.

#### Artigo 11. *Comiso de espécimes CITES por outras administracións públicas.*

Cando se comise un espécime como consecuencia da actuación desenvolvida por outras administracións públicas no exercicio das súas competencias sobre ambiente, e constitúa unha infracción ao disposto no Regulamento (CE) n.º 338/1997, do Consello, do 9 de decembro de 1996, e ao Convenio CITES, confiarase a unha autoridade administrativa CITES de conformidade co establecido no artigo 8.4 do Convenio CITES e artigo 16.1 do Regulamento (CE) n.º 338/1997, do Consello, do 9 de decembro de 1996, que adoptará as medidas oportunas de conformidade co previsto neste real decreto.

#### Artigo 12. *Intercambio e subministración de información.*

A Administración do Estado e as demais administracións públicas con competencias ambientais sobre flora e fauna silvestre, intercambiaranse a información necesaria para asegurar a mellor aplicación do Convenio CITES e do Regulamento (CE) n.º 338/1997 do Consello, do 9 de decembro de 1996, de acordo coas normas xerais de procedemento que prevén a colaboración e subministración de información entre administracións públicas.

#### Disposición adicional única. *Convenios de colaboración con outras administracións públicas e con institucións públicas e privadas.*

O Ministerio de Industria, Turismo e Comercio promoverá a subscripción de convenios de colaboración coas administracións autonómicas para a creación, designación e xestión dos centros de rescate necesarios.

Así mesmo, a Secretaría Xeral de Comercio Exterior poderá subscribir convenios de colaboración con entidades públicas ou privadas especializadas e, en particular, con institucións zoolóxicas, xardíns botánicos, acuarios, centros de investigación científica ou pedagóxica ou institucións protectoras de animais e plantas para o depósito, custodia, coidado, conservación e mantemento de espécimes CITES comisados ou non.

#### Disposición transitoria única. *Aloxamento de espécimes CITES incautados.*

Todos os espécimes CITES vivos incautados no territorio nacional, incluídos os que fosen comisados antes da entrada en vigor deste real decreto, deberán ser aloxados en centros de rescate nun prazo de vinte e catro meses a partir desa data.

Así mesmo, as persoas físicas ou xurídicas que tivesen ao seu cargo espécimes CITES intervidos antes da entrada en vigor deste real decreto, deberán solicitar, dentro dos seis meses seguintes, a inscrición no rexistro establecido no artigo 4.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do establecido no artigo 149.1.10 do texto constitucional, que lle atribúe ao Estado competencia exclusiva en materia de réxime alfandegueiro e arancelario e comercio exterior.

Disposición derradeira segunda. *Facultade de desenvolvemento.*

Autorízanse os ministros de Economía e Facenda, de Medio Ambiente e de Industria, Turismo e Comercio para adoptaren as medidas necesarias, no ámbito das súas respectivas competencias, para o desenvolvemento e execución deste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 21 de novembro de 2006.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno  
e ministra da Presidencia,

MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ